

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

23254 REAL DECRETO LEI 19/1999, do 3 de decembro, sobre as obrigas de pagamento esixibles o día 31 de decembro de 1999. («BOE» 290, do 4-12-1999.)

A Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, na súa disposición adicional sexta, declara inhábil o día 31 de decembro para efectos de liquidación de obrigas nos sistemas de pagamento interbancarios, co obxecto de evita-las eventuais repercusións negativas do denominado «efecto 2000» sobre o funcionamento dos ditos sistemas na citada data.

Ademais, o Goberno, a través da Oficina de Transición para o Efecto 2000, creada polo Real decreto 1377/1999, do 27 de agosto, que coordina as accións da Administración xeral do Estado dirixidas a garantir unha adecuada transición ó ano 2000, examinou as disfuncións que poden producirse durante o 31 de decembro, como consecuencia das medidas previstas para ese día no funcionamento do sector bancario.

Co obxecto de evita-los posibles prexuízos para os cidadáns e, en xeral, para calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que deba facer efectivos pagamentos en tal data, este real decreto lei establece que as obrigas de pagamento esixibles o 31 de decembro de 1999 poidan ser cumpridas sen incorrer en mora o primeiro día hábil do ano 2000.

Así mesmo, considerouse necesaria unha previsión específica para o cumprimento de obrigas coa Seguridade Social que venzan o 31 de decembro de 1999, dadas as peculiaridades da súa regulación legal e regulamentaria, polo que a aplicación xeral do real decreto lei sen salva-las súas peculiaridades provocaría neste ámbito importantes inconvenientes e disfuncións, tanto desde o punto de vista financeiro, coma na orde orzamentaria e contable, así como respecto dos actuais procesos informáticos establecidos para a xestión recadadora.

A extraordinaria e urxente necesidade requirida polo artigo 86 da Constitución para dictar este real decreto lei radica na proximidade da data do 31 de decembro e en que se considera imprescindible adopta-la medida contida nesta norma coa antelación suficiente para que teña a necesaria difusión.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro e ministro da Presidencia, o vicepresidente segundo e ministro de Economía e Facenda, a ministra de Xustiza, o ministro de Traballo e Asuntos Sociais e o ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de decembro de 1999,

DISPOÑO:

Artigo único. *Cumprimento das obrigas de pagamento esixibles o 31 de decembro de 1999.*

As obrigas de pagamento que deban facer efectivas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, con intermediación de entidades financeiras, que sexan esixibles o 31 de decembro de 1999, cando non poidan ser cumpridas nesa data por causa non imputable ó obrigado ó pagamento, poderán efectuarse o primeiro día hábil do mes de xaneiro do 2000, sen que por iso o obrigado ó pagamento incorra en mora.

En atención ó réxime específico da Seguridade Social para o pagamento de débedas, as obrigas que teñan un prazo regulamentario de ingreso que venza o 31 de decembro de 1999, deberán facerse efectivas o anterior día hábil.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe competencia exclusiva ó Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación ó Goberno.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23255 REAL DECRETO LEI 20/1999, do 3 de decembro, polo que se adoptan novas medidas para paliar los efectos da seca nalgúns cultivos leñosos. («BOE» 290, do 4-12-1999.)

Os efectos da última seca alcanzaron algúns cultivos leñosos con repercusión moi grave en determinados ámbitos territoriais. Este é o caso da Comunidade Autónoma de Murcia, na que a ausencia de precipitacións, a falta de rega e o empeoramento da calidade da auga provocaron gravísimos danos na amendoeira, que afec-

taron non só a produción deste ano, senón o propio arboredo, orixinando unha alta porcentaxe de morte ou debilitamento das árbores que, previsiblemente, repercutirá tamén na produción do vindeiro ano, ocasionando un grave quebranto económico a un gran número de explotacións agrarias modestas cunha economía familiar apoiada basicamente nese cultivo.

Outro cultivo leñoso singularmente afectado pola seca foi o oliveiral, cunhas previsións de redución na produción de aceite, que se sitúan entre o 40 e o 50 por 100 da produción media das tres últimas campañas. As perdas de produción céntranse basicamente na Comunidade Autónoma de Andalucía que, en condicións de normalidade, proporciona en torno ó 80 por 100 da produción nacional. Adquire especial relevancia a repercusión económica da seca nos lagares de aceite cooperativos de gran implantación neste sector productivo, que espremen arredor do 70 por 100 da produción.

As peculiaridades do réxime cooperativo en canto ás relacións económicas entre os socios e a cooperativa, dado que o oleicultor é á vez usuario e propietario da cooperativa, comportan en cada campaña necesidades de tesourería para as cooperativas, a atención das cales leva consigo uns gastos financeiros por anticipos sobre as entregas dos socios á conta da liquidación final, xestión de stocks, etc., que finalmente repercuten nos socios. Esta repercusión é especialmente gravosa para os oleicultores en situación de insuficiente rendibilidade económica das súas explotacións como consecuencia da seca. As necesidades financeiras dos lagares de aceite cooperativos vense tamén aumentadas polo soporte dos gastos estruturais fixos, a atención dos cales non está compensada en condicións de baixa actividade transformadora. En análoga situación se encontran as agrupacións de produtores agrarios do sector do aceite de oliva, oficialmente recoñecidas, respecto ós oleicultores integrados nelas.

Para paliar as consecuencias indicadas da seca no cultivo da amendoeira e para evitar que se resinta o sistema cooperativo oliveireiro como consecuencia do soporte financeiro necesario para os seus requirimentos de tesourería durante a actual campaña productiva, instrumentáanse dúas liñas de préstamos subsidiados, unha a medio prazo para os danos no cultivo da amendoeira e outra de campaña, destinada a remedia-las necesidades de tesourería dos lagares de aceite cooperativos e das agrupacións de produtores de aceite de oliva.

Igualmente, amplíase o ámbito territorial de aplicación do Real decreto lei 11/1999, do 11 de xuño, de adopción de medidas de carácter urxente para reparalos efectos producidos pola seca, ós municipios, de distintas comunidades autónomas, que se determinarán por orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Finalmente, ante a extraordinaria gravidade dos efectos da seca, inclúense medidas dirixidas a reaxustar a fiscalidade que grava os rendementos das explotacións afectadas, no sistema de estimación obxectiva, e a facilitar mediante moratorias os pagamentos á seguridade social.

Esta disposición díctase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.1.^a 13.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas sobre igualdade de dereitos dos españois, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e Seguridade Social.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Traballo e Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de decembro de 1999,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto establecer medidas de apoio coas seguintes finalidades:

a) Paliar los efectos da seca no cultivo da amendoeira cando se producen reducións no seu rendimento non inferiores ó 40 por 100 dunha colleita normal.

b) Auxilia-las necesidades de tesourería, durante a campaña, das cooperativas e as agrupacións de produtores agrarios (APAS) do sector do aceite de oliva, oficialmente recoñecidas, en relación directa coa superficie de oliveiral dos oleicultores integrados nelas que tivesen unha redución no seu rendimento non inferior ó 40 por 100 do dunha colleita normal.

2. Por orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, oídas as comunidades autónomas, delimitaranse os ámbitos territoriais nos que a situación de seca se considere de gravidade para a aplicación das medidas previstas.

Artigo 2. *Apoio ó cultivo da amendoeira afectado pola seca.*

1. Establécese unha liña de préstamos por un importe global máximo de 3.000 millóns de pesetas con fondos cedidos polo Instituto de Crédito Oficial (ICO) para os titulares de explotacións que cultiven amendoeiras afectadas pola seca, de acordo co previsto no artigo 1.1 a), nas seguintes condicións:

a) Importe do préstamo: ata 35.000 pesetas/hectárea, cos límites de 4 millóns de pesetas, para os titulares de explotacións agrarias, persoas físicas, comunidade de bens ou persoas xurídicas, distintas de sociedades agrarias de transformación (SAT) ou cooperativas, e ata 20 millóns de pesetas para titulares baixo a forma de SAT ou cooperativas.

b) Prazo de amortización: cinco anos, incluído un de carencia para o pagamento de principal. Poderanse cancelar anticipadamente coincidindo cun vencemento de xuro.

c) Tipo de xuro: o tipo de cesión do ICO ás entidades mediadoras concedentes será o euribor a 3 meses. Estas entidades terán unha marxe de intermediación máxima de 1 punto.

d) Bonificación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA): o MAPA bonificará o tipo de xuro en contía equivalente á metade do tipo que, por aplicación das condicións anteriores, quedaría por conta do agricultor.

e) Participación do ICO: o ICO outorga estes préstamos no exercicio das funcións a que se refire o parágrafo 2.a) do punto dous da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira.

f) Risco dos préstamos: o risco dos préstamos será por conta das entidades mediadoras concedentes.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, de se-lo caso, as comunidades autónomas subscribirán co ICO os oportunos convenios de colaboración para instrumentar esta liña de préstamo.

Artigo 3. *Apoio ós lagares de aceite cooperativos e APAS do sector do aceite de oliva.*

Establécese unha liña de préstamos de campaña por un importe global máximo de 30.000 millóns de pesetas, con fondos cedidos polo ICO, para cooperativas e APAS

do sector do aceite de oliva, oficialmente recoñecidas, vinculada á superficie de oliveiral dos oleicultores integrados nelas, danada pola seca.

Condições:

a) Importe: ata 35.000 pesetas, por hectárea de oliveiral dos oleicultores integrados, cunha redución de rendimento non inferior ó 40 por 100 do correspondente a un ano normal.

b) Prazo de amortización: seis meses, prorrogable por períodos trimestrais ata un ano, logo da autorización do ICO.

c) Tipo de xuro: o tipo de cesión do ICO ás entidades concedentes será o 0,50 por 100 nominal anual. As entidades concedentes terán unha marxe de intermediación máxima de 0,75 puntos.

d) Risco: por conta das entidades mediadoras concedentes dos préstamos.

Artigo 4. *Actuacións do ICO.*

O ICO proporalle ás posibles entidades de crédito, incluídas as seccións de crédito das cooperativas de produción de aceite, no ámbito da súa capacidade de actuación, a instrumentación das liñas de préstamo establecidas nos artigos 2 e 3.

En relación coa liña de préstamos establecida no artigo 3 autorízase o ICO a provisionar e cargar contra o Fondo de Provisión creado polo Real decreto lei 12/1995, a diferenza entre o custo dos recursos captados no mercado e o tipo de xuro de cesión do 0,50 por 100 así como os importes morosos ou falidos que puidesen xera-las operacións de instrumentación de crédito a través das seccións de crédito das cooperativas de produción de aceite, cando os recursos propios destas non cumpran os mínimos esixidos pola normativa interna do ICO relativa a límites de risco de mediación.

Artigo 5. *Cotas da Seguridade Social.*

Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, na zona afectada pola seca, gozarán dunha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das súas cotas fixas mensuais correspondentes ós meses de xullo a decembro de 1999, ambos inclusive, con dereito a devolución, de se-lo caso, das xa ingresadas.

Así mesmo, concédese un adiamento de dous anos, sen xuro no pagamento das cotas do réxime especial agrario da Seguridade Social, polas xornadas reais deste, correspondentes ós meses de xullo a decembro de 1999, con dereito a devolución, de se-lo caso, das xa aboadas.

Artigo 6. *Modificación no rendemento neto da actividade agraria para efectos de tributación do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Para as actividades agrarias de cultivo da amendoeira e de produtos da oliveira afectadas pola seca de acordo co previsto no artigo 1.1 e realizadas nas explotacións agrarias situadas nos territorios a que se fai referencia no artigo 1.2, o Ministerio de Economía e Facenda, conforme as previsións contidas no artigo 35, catro, 1, do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, autorizará con carácter excepcional a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a orde do 22 de febreiro de 1999, reguladora do réxime de estimación obxectiva por módulos en agricultura e gandería para 1999.

Disposición adicional primeira. *Ampliación do ámbito territorial.*

Por orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, oídas as comunidades autónomas, ampliarase o ámbito territorial para a aplicación das medidas previstas no Real decreto lei 11/1999, do 11 de xuño, de adopción de medidas de carácter urxente para reparar los efectos producidos pola seca incluíndose, para tal fin, os municipios e actividades productivas que se establezan.

Disposición adicional segunda. *Habilitación de créditos.*

O Ministerio de Economía e Facenda, de conformidade co disposto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, habilitará os créditos necesarios para atende-lo custo das medidas que se recollen no artigo 1 deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de execución.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións e adoptarán as medidas necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23604 REAL DECRETO LEI 21/1999, do 10 de decembro, polo que se conceden créditos extraordinarios por importe de 6.683.486.032 pesetas para atender obrigas de exercicios anteriores derivadas de gastos correntes en bens e servicios e outros gastos do Ministerio do Interior. («BOE» 296, do 11-12-1999.)

De conformidade co sinalado no artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, segundo a redacción dada a el pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria, con cargo ós créditos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral, que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, o número 2 deste artigo establece os requisitos para que, en determinadas circunstancias, se imputen ó orzamento dun exercicio obrigas xeradas en exercicios anteriores.

O Ministerio do Interior ten que atende-lo pagamento de diversas obrigas procedentes de exercicios anteriores que están pendentes de imputar orzamentariamente e que non poden ser aplicadas ó exercicio corrente por non concorreren nelas os requisitos a que fai referencia o citado artigo 63. Estas obrigas, que ascenden a 6.683.486.032 pesetas, derivan de gastos correntes en bens e servicios por importe de 6.007.555.467 pesetas; de gastos financeiros por importe de 490.657.347 pesetas; de investimentos de reposición asociados ó funcionamento operativo dos servicios por unha contía de 183.406.139 pesetas, e outros gastos por importe de 1.867.079 pesetas.

Dado que as citadas obrigas non poden ser imputadas ó exercicio corrente, que o seu pagamento non pode